

- 3 Amplía as oracións coma no exemplo, utilizando algún dos enlaces que se propoñen. Non esquezas colocar o punto e coma onde sexa necesario.

con todo • non obstante • porén • así e todo • agora ben

- O novo centro comercial é inmenso e ten moitos servizos. ▶ O novo centro comercial
é inmenso e ten moitos servizos; porén, nós preferimos mercar nas tendas da vila.
- Planeamos unha excursión á serra para esta fin de semana. ▶ Planeamos unha excursión
á serra para esta fin de semana; agora ben, se chove moito non imos.
- Durante a carreira, o atleta atravesou momentos difíciles. ▶ Durante a carreira, o atleta
atrasou momentos difíciles; con todo, chegou o terceiro.
- A nosa nova casa é moi acollidora. ▶ A nosa nova casa é moi acollidora; así e todo,
a vella era máis bonita.
- Todos os membros do equipo traballaron moito no proxecto. ▶ Todos os membros do equipo
traballaron moito no proxecto; non obstante, a recompensa non foi excesiva.

- 4 Completa cada oco cunha coma ou cun punto e coma, segundo conveña.

Orientarse no centro comercial

Na entrada do centro comercial hai un taboleiro onde se detallan os comercios e servizos situados en cada planta: na planta cero está o aparcadoiro ; na primeira , o salón de peiteado e o ximnasio ; na segunda , as tendas de roupa e de calzado ; e na terceira , os restaurantes. Toda a información está nos carteis ; non obstante , sempre hai alguén que se despista e acaba desorientándose.

